O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Xosé Luís Rivas Cruz e Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao impulso do Plan Retorna para fomentar o retorno das persoas mozas emigradas.

Unha das consecuencias máis dramáticas da crise económica está a ser un intenso proceso de emigración que estamos a sufrir durante os últimos anos. Segundo o IGE, dende o ano 2009 emigraron máis de 207.000 persoas, das cales 89.800 están comprendidas en idades entre 16 e 35 anos. O ano 2015 rexistrou -xunto co 2013- o maior número de persoas emigradas dende que Feijóo goberna, ascendendo a cifra a 30.707 persoas.

Os efectos da crise económica tamén son claramente perceptíbeis na evolución da poboación galega, que cambiou de tendencia durante o goberno de Feijoo. Así, o ano 2010 é o último no que se produce un incremento da poboación galega, rexistrándose continuos descensos a partires dese ano, xa que dende o 2012 Galiza perde ao redor de 15.000 habitantes anuais. Especialmente preocupante é a evolución da mocidade galega, xa que en Galiza dende o 2012 descendeu o número de menores de 35 anos en máis de 100.000 mozos e mozas, posto que pasamos de 952.937 no ano 2012 a 848.764 no actual 2016.

Esa xente moza que falta está na emigración. Ao redor de 100.000 mozos e mozas colleron as maletas para buscar un futuro que a Galiza gobernada por Núñez Feijóo lles nega. Estes datos dramáticos son un claro indicador da marcha da nosa economía. Malia o goberno proclamar un triunfal discurso da recuperación, son moitos os galegos e galegas, en especial a xente máis moza, que teñen que procurar un futuro fóra do país.




Para mudar esta tendencia son precisas medidas que atallen os problemas estruturais que padece a economía galega. Consideramos que é fundamental aproveitar as potencialidades de Galiza, apostar pola innovación duplicando o investimento en I+D+i, apostar porque o noso tecido produtivo teña crédito para levar a termo os seus proxectos de investimento, polo que cremos necesarias medidas para que o aforro galego deixe de emigrar e se traduza en crédito e investimento en Galiza, a través dunha Banca Pública Galega, e medidas que rachen as limitacións impostas a sectores produtivos estratéxicos da nosa economía.

A maiores das medidas xerais que impulsarán o dinamismo da economía galega, é preciso actuar de inmediato e de xeito concreto para que as mozas e mozos galegos teñan traballo digno na nosa terra, acorde co seu nivel formativo, e para aproveitar o investimento que supón ter a xeración mellor formada da historia e que reverta na prosperidade da nosa nación, impulsando o retorno ao país da mocidade emigrada.

Ante a situación descrita, consideramos urxente o impulso a un plan específico: un Plan Retorna dirixido a articular políticas que permitan a volta a Galiza das persoas emigradas, particularmente os mozos e mozas menores de 35 anos. É preciso elaborar este plan con participación social e sectorial, coa finalidade de que se contemple un conxunto de medidas dirixidas á volta da nosa mocidade emigrada para traballar en Galiza, para favorecermos a recuperación da nosa xuventude emigrada.


Consideramos que dito plan merece un importante esforzo orzamentario, de cando menos o 1% dos orzamentos anuais da Xunta de Galiza, co obxectivo de abarcar as diferentes situacións e actuacións. O plan deberá comprender un conxunto amplo de medidas que terán como destinatarias as persoas que retornen ou desexen retornar a Galiza, e incluírán axudas directas a empresas que contraten retornad@s, con especial atención ao retorno de de investigador@s e tecnólog@s emigrados e á incorporación laboral en sectores estratéxicos, apoio ao emprendemento, un programa de bolsas para a ampliación de estudos e un fondo de vivendas en aluguer.



Diante disto fórmulase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a aprobar o Plan Retorna, para fomentar a volta das persoas mozas emigradas, cunha contía anual de cando menos do 1% do orzamento da Xunta de Galiza, que contemple as seguintes liñas de actuación: axudas directas a empresas que contraten a emigrantes que retornan, con especial atención ao retorno de de investigador@s e tecnólog@s emigrados e á incorporación laboral en sectores estratéxicos, apoio ao emprendemento, un programa de bolsas para a ampliación de estudos e un fondo de vivendas en aluguer.


Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2016


Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**


Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**


Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**


Asdo.: **Montserrat Prado Cores**


Asdo.: **Xosé Luís Rivas Cruz**


Asdo.: **Luis Bará Torres**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.2 927(10/PNP-000079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa tramitación da Proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, así como o rescate de autoestradas con fondos públicos

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 11:47
Nº Rexistro: 927
Data envío: 09/11/2016 11:47:27.720

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza.

A AP-9 é unha autoestrada que abrangue unha parte moi importante do territorio galego, ao conectar toda a franxa atlántica e catro das sete cidades galegas. Malia o seu carácter vertebrador, a AP-9 continúa a depender do Goberno Central, que mantén unhas peaxes desorbitadas que limitan o acceso a esta vía ás persoas con menos recursos, e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos. As competencias e a xestión desta autoestrada por parte do Estado é motivo de controversia, non só polas abusivas peaxes, senón tamén polo deterioro e servizo deficiente que presta a concesionaria, coa complicidade do Goberno central.

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconformidade coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado, constitúe



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 11:47
Nº Rexistro: 927
Data envío: 09/11/2016 11:47:27.720

un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruinosa construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos deste Parlamento debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada por esta institución, que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.

Ademais, o Parlamento galego debe expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

Por todo iso, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda que a Xunta de Galiza:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 11:47
Nº Rexistro: 927
Data envío: 09/11/2016 11:47:27.720

1. Inste ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconformidade coa tramitación da “Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza”, aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.

2. Inste a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.

3. Rexeite o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.

4. Traslade este acordo aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais, ademais do Goberno Central e a Presidenta do Congreso dos Deputados.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 11:47
Nº Rexistro: 927
Data envío: 09/11/2016 11:47:27.720

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2016 11:41:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/11/2016 11:42:02

María Montserrat Prado Cores na data 09/11/2016 11:42:09

Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2016 11:42:15

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2016 11:42:19

Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2016 11:42:24

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.3 944(10/PNP-000082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a recuperación polo Goberno galego do programa de gratuidade dos libros de texto en todos os cursos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2016 13:21
Nº Rexistro: 944
Data envío: 09/11/2016 13:21:05.158



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A gratuidade das etapas obrigatorias establecida no noso ordenamento xurídico, así como as crecentes demandas sociais do cumprimento completo desa gratuidade, impulsaron socialmente demandas de maior cobertura por parte do Estado.

A organización territorial española e a correspondente transferencia de competencias ás comunidades autónomas supón que esa ampliación de coberturas deba ser asumida a nivel autonómico cos seus propios recursos, o que non impide a colaboración do Estado no financiamento desta política.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a política de gratuidade de libros de texto se inicia no curso 2003/2004 nun único curso (6º de educación primaria) e con carácter experimental, o que xustifica o Goberno da comunidade autónoma sobre a base do seu compromiso coa sociedade galega. Este feito constitúe en si un cambio radical (dende a teoría de políticas públicas) xa que se xera unha nova cobertura dentro do estado de benestar.

A ampliación gradual da anterior cobertura experimenta un cambio moi importante, aínda que incrementa (tamén dende a teoría de políticas públicas, posto que xa existía esa política), no curso 2005/2006 como consecuencia dun cambio de Goberno que encabezaba o PSdeG-PSOE, por mor das eleccións autonómicas do ano 2005, co que se pasa dunha previsión inicial de cobertura de catro cursos a sete.

No curso 2007/2008 todo o alumnado de educación primaria e secundaria obrigatoria da Comunidade Autónoma de Galicia pasa a dispoñer de libros de texto gratuítos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O cambio de Goberno producido en 2009 e a necesidade de facer fronte a unha situación de crise económica levan a un escenario propicio para levar a cabo un cambio radical nesta política, cambio que como se estuda no ámbito das políticas públicas pódese realizar neste tipo de contextos, empregando a escusa da crise económica para destruír unha política que contribuíra, de xeito indubidable, á cohesión do sistema educativo.

Aínda que o novo Goberno xustifica a substitución do cambio de préstamo ao de axudas directas como consecuencia dun escenario de necesaria austeridade económica, engadindo que se trata dun modelo socialmente máis xusto e pedagoxicamente máis vantaxoso, resulta moi rechamante que na presentación aos medios de comunicación do chamado “programa de gratuidade solidaria” o conselleiro de Educación manifeste que “este sistema de gratuidade solidaria devolverá a estabilidade ao sector editorial, afectado profundamente o sistema de préstamo”. O anterior pode poñer de manifesto que este cambio radical pretenda, ademais, dar estabilidade a un sector produtivo privado.

Este modelo de axudas directas, ademais de non cubrir o importe necesario para a adquisición dos libros, pronto se revela ineficaz en canto aos seus obxectivos e, ademais, parece non contar cun estudo previo medianamente rigoroso do seu importe e iso é así porque:

1. Dende a súa implantación foi necesario ampliar todos os cursos á súa dotación inicial, nalgúns casos de maneira substancial. Iso pon de manifesto que non se analizou, ou polo menos non correctamente, o número potencial de beneficiarios de axudas.
2. O progresivo aumento das cantidades necesarias para dar cobertura ao programa sitúao en niveis equiparables ao anterior modelo.

Como consecuencia do fracaso do modelo de axudas, polo menos desde o punto de vista da súa eficiencia económica, e da presión social existente por parte das familias que se organizaron, a través das súas asociacións, para reutilizar libros, o Goberno autonómico leva a cabo un cambio radical nesta política e introduce de novo a reutilización de libros.

 Grupo Parlamentario

No ano 2013 o Defensor do Pobo publica o Estudo sobre gratuidade dos libros de texto: programas, axudas, préstamos e reutilización, en cuxa presentación xa se pon de manifesto a orientación que, sobre este asunto, considera adecuada.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Así, dise que *“entende que o carácter gratuito do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos”*, e considera por iso que *“o devandito carácter gratuito debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis”*.

Tamén resulta de extraordinaria relevancia a contundencia coa que afirma que a reutilización de libros de texto implica a adquisición dun hábito de alto valor educativo e social. Os materiais escolares teñen alto custo para a sociedade, vía presupostos do Estado, das comunidades autónomas e para os pais. Os alumnos deben ser conscientes diso e adquirir o hábito da reutilización dos mesmos, nas mellores condicións posibles, do mesmo xeito que se reutilizan outros moitos bens materiais que unha sociedade avanzada non se permite refugar.

As conclusións deste extenso e rigoroso informe son, en resumo, as seguintes:

1º) Que as actuais políticas de gratuidade dos libros de texto non esgotan as obrigacións que se derivan para os poderes públicos.

2º) Que o obxectivo parcial de gratuidade dos libros de texto sufriu un importante retroceso tanto no importe dos fondos globais destinados a este fin como na porcentaxe de beneficiarios do mesmo respecto da poboación escolar total, ao priorizar outros gastos.

3º) Os datos examinados evidencian que existen grandes diferenzas entre unhas e outras comunidades autónomas en canto ao grao de consecución do obxectivo de plena gratuidade.

4º) Estas diferenzas evidencian a ausencia de obxectivos e criterios comúns entre as distintas autoridades educativas e reclaman a elaboración dun catálogo ou carta de servizos mínimos no referente á gratuidade dos ensinos obrigatorios.

 Grupo Parlamentario

5º) A variabilidade nos criterios para a asignación de fondos aos programas de apoio á gratuidade dos libros de texto, na utilización de sistemas de préstamo ou de axudas directas, pon de manifesto a ausencia de criterios definidos sobre as obrigacións públicas ao redor da gratuidade dos ensinos obrigatorios e sobre os mecanismos idóneos para alcanzala.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6º) Tampouco parecen terse en conta na adopción de políticas de gratuidade de libros de texto os efectos e as consecuencias que as mesmas teñen sobre o sector editorial, priorizándose o logro de obxectivos parciais e a curto prazo e sen considerar a disfunción que provoca a ausencia de políticas estables e a longo prazo en todos os sectores afectados.

7º) Os datos achegados polas administracións educativas autonómicas permiten deducir que o sistema de préstamo resultaría inicialmente máis eficiente desde un punto de vista económico que os sistemas articulados a través da concesión de axudas económicas directas aos alumnos.

8º) O sistema de préstamo obtén dos distintos sectores educativos unha valoración moi positiva desde o punto de vista da súa contribución educativa, ao entenderse que fomenta actitudes e valores de uso responsable dos bens que deben ser compartidos con outros alumnos, e a idea de que os obxectos deben ser utilizados mentres sirvan á finalidade para a que foron producidos, preservando así fontes de enerxía e de materias primas non renovables.

9º) O persoal directivo e o profesorado cuestionan a atribución da xestión dos sistemas de gratuidade aos centros docentes, por entender que son alleos ás labores educativas que lle son propios e lle restan tempo de dedicación.

De canto se leva exposto, resulta evidente que a gratuidade dos libros de texto é o modelo máis axeitado dende o punto de vista educativo, social e da eficiencia económica, polo que resulta prioritario que esta comunidade autónoma retome, de xeito inmediato, ese modelo.

 Grupo Parlamentario

En consecuencia, preséntanse a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a recuperar, de xeito inmediato, o programa de gratuidade de libros de texto en todos os cursos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/11/2016 13:18:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 09/11/2016 13:19:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2016 13:19:20

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.4 1050(10/PNP-000097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a recuperación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da xestión directa dos comedores escolares, así como a actuación que debe levar a cabo para o establecemento dun único modelo de comedor escolar para toda Galicia

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, e a través do seu portavoz **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a recuperación do servizo de xestión directa dos comedores nas escolas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de privatización do servizo de comedores escolares alentado polo Decreto 132/2013 de 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria consagra unha visión utilitaria dos comedores, como un mero servizo complementario que favoreza a conciliación familiar, persoal e laboral. Un decreto que afonda nas enormes diferenzas entre os nenos e nenas de Galicia, toda vez, que da carta de natureza a unha multiplicidade de opcións na provisión do servizo que xeran un auténtico reino de Taifas. Así, nos últimos anos vemos que conviven comedores xestionados por ANPAs, con comedores xestionados por diferentes administracións públicas. E, en calquera dos casos, coexisten á súa vez dous modelos de xestión, ou tres se sumamos os acordos coas escolas de hostalería, absolutamente diferentes. Temos, por unha parte, comedores xestionados directamente, onde se mercan os produtos e se cociñan nas propias instalacións dos centros escolares, e outros nos que son empresas externas quen subministran os alimentos logo de procesalos a distancias do máis variable, pasando da casual proximidade a distancias de máis de mil quilómetros.



Especialmente preocupante é este último apartado onde os menús pouco saudables, exceso de precociñados e fritos de nulo valor nutricional, comida fría, plásticos de orixe descoñecida nas comidas, son algúns dos moitos exemplos de graves deficiencias que se repiten diariamente á hora da comida nas escolas dos nenos e nenas de Galicia que viron como se despedían ás persoas ocupadas na cociña para dar negocio a empresas privadas de catering. Exemplos que padecen máis de 2800 alumnas e alumnos galegos que reciben cada día comida de servizos de catering.

Non son casos illados, senón a norma. O 42% dos días hai incidencias comunicadas polos colexios co servizo de catering. Esas só as comunicadas, cantas pasan sen que teñamos noticia é unha incógnita. Son cifras que evidencian o fracaso do modelo privatizador do Partido Popular e cuxas consecuencias estamos lonxe de poder avaliar. Consecuencias que teñen a ver coa saúde das nosas fillas e fillos, vencelladas co abandono da dieta atlántica. Consecuencias, tamén, de abandonar a concepción educativa que, ó noso entender, debería ter o servizo de comidas nas escolas.

Dende En Marea defendemos a gratuidade total do ensino público, que para que sexa real debe incluír, tamén, a gratuidade dos mal chamados servizos complementarios. Defendemos un modelo de comedor escolar 100% público, con persoal contratado pola Consellería, elaboración dos menús da man de profesionais da mesma Consellería e que conte en cada centro educativo cunha persoa responsable do servizo. Un modelo de comedores que, ademais, teña en conta o seu potencial como fonte de riqueza dinamizando o comercio local, toda vez que debería centrarse en alimentos frescos e saudables, que aposten polo comercio de proximidade, tanto por cuestións de saúde como de educación alimentaria.



Diante desta situación que prexudica tan gravemente a alimentación dos e das estudantes de Galicia, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que defenda o dereito de todos os nenos e nenas de Galicia a ter unha alimentación de calidade independentemente da escola na que estuden.
2. Que recupere o servizo de xestión directa por parte da consellería con competencias en materia de educación, consistente na elaboración por persoal laboral da Xunta de Galicia dos menús nas dependencias do centro escolar.
3. Faga un chamamento a toda a comunidade educativa para establecer unha mesa polos comedores escolares que permita consensuar un único modelo de comedores escolares para todo o país.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 11/11/2016 13:18:51

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/11/2016 13:18:59

Luis Villares Naveira na data 11/11/2016 13:19:10

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.5 1211(10/PNP-000108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 4 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia dunha
estratexia de infraestrutura verde que cree unha rede de
espazos naturais e seminaturais

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 17:34
Nº Rexistro: 1211
Data envío: 15/11/2016 17:34:41.220

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa das deputadas e deputados Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Álvaro Pérez López, Daniel Luis Varela Suances-Carpegna, o abeiro do disposto nos artigos 160, e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

A Comisión Europea está a desenvolver unha estratexia para unha Infraestrutura Verde Europea (Comunicación da Comisión Europea “Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa” de 6 de maio de 2013), definida como un concepto que integra a conectividade dos ecosistemas, a protección e provisión de servizos ecosistémicos e a mitigación e adaptación ao cambio climático, asegurando a provisión sostible destes servizos e incrementando a resiliencia dos ecosistemas.

Para isto a Unión Europea reforzará a integración de aspectos relacionados coa infraestrutura verde en varios programas de financiamento (fondos de cohesión e estruturais, PAC, LIFE).

En España, a Lei 33/2015, de 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, introduce no seu capítulo III a creación da Estratexia Estatal de Infraestrutura Verde de forma conxunta pola Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, que ten como obxectivo a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde, para que a planificación territorial e sectorial asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático e a restauración de ecosistemas degradados. As comunidades autónomas deberán desenvolver as directrices desta Estratexia estatal nun prazo máximo de tres anos desde a súa aprobación.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2016 17:34
Nº Rexistro: 1211
Data envío: 15/11/2016 17:34:41.220

Ademáis dos evidentes beneficios ambientais e da repercusión na mellora da saúde e o benestar social, a experiencia europea demostra que as solucións de infraestrutura verde son rendibles e contribúen ao desenvolvemento económico, fomentando enfoques innovadores e creando novos negocios ecolóxicos, que xa representan o 5% do mercado laboral.

Por todo isto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia ao desenvolvemento dunha Estratexia de Infraestrutura Verde que cree unha rede de espazos naturais e seminaturais deseñada e xestionada para protexer a biodiversidade, proporcionar servizos ecosistémicos e incrementar a resiliencia dos ecosistemas”.

Santiago de Compostela a 15 de novembro 2.016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/11/2016 17:15:28

Martín Fernández Prado na data 15/11/2016 17:15:44

Jaime Castiñeira Broz na data 15/11/2016 17:16:41

Marta Novoa Iglesias na data 15/11/2016 17:16:53

Álvaro Pérez López na data 15/11/2016 17:17:14

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/11/2016 17:17:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.6 1254(10/PNP-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre o artellamento polo Goberno galego dos instrumentos e das modificacións lexislativas necesarias para dotar Galicia dun sistema integral de protección ás persoas denunciante de prácticas de corrupción, ilícitas e fraudulentas

Publicación da iniciativa, 19, 24.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1254
Data envío: 16/11/2016 18:44:54.055



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e das súas deputadas, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Na súa intervención no Debate de Investidura o portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sinalaba:

Como as paixóns humanas están distribuídas aleatoriamente, que diría Malthus, temos que crear os marcos e instituír os incentivos que transformen os vicios privados en virtudes públicas. Vostede esqueceu a exemplaridade pública nas dúas horas de discurso. Desapareceron os problemas de corrupción?

Converta a transparencia nun principio eficaz de comportamento, cunha lei de acceso e transparencia de inspiración nórdica. Creando un rexistro de intereses para os lobbies. Creando unha oficina antifraude e protexendo aos denunciantes internos para atallar a corrupción.

Durante a V Conferencia da ONU contra a corrupción, celebrada en Panamá en novembro de 2013, a corrupción foi dimensionada non só como un problema que afecta aos países en desenvolvemento, se non como unha preocupación global, un dos maiores desafíos aos que se enfronta a comunidade internacional, un perigo común que require dos gobernos medidas máis axeitadas e eficaces para ser erradicado.

Na investigación elaborada polos expertos internacionais Franz Chevarría e Martha Silvestre, a corrupción ameaza o desenvolvemento económico e social ao limitar o investimento e os recursos dispoñibles para as políticas públicas, distorsionando a asignación de fondos e as prioridades. Ademais, socava de maneira importante a confianza da cidadanía nas institucións democráticas e contribúe á inestabilidade política.

 Grupo Parlamentario

Segundo o Foro Económico Mundial, o custo da corrupción equivale ao 5 % do PIB global e incrementa os custos de facer negocios nun 10 %. O Banco Mundial estima que o diñeiro pagado en sobornos polas empresas privadas ao sector público, tanto en países ricos coma en países en desenvolvemento, supón un billón de dólares ao ano.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A loita contra a corrupción tense convertido tamén nunha das prioridades da Unión Europea. Como alertaba a comisaria de Interior da UE, Cecilia Malmström, nunha conferencia en Gotemburgo en marzo de 2013, preto de 120.000 millóns de euros se perden cada ano por culpa da corrupción nos 27 estados membros da UE, o que equivale ao orzamento total da Unión. Os europeos son ademais plenamente conscientes: 3 de cada 4 consideran a corrupción como un gran problema para o seu país e case a metade percibe que a corrupción se incrementou nos últimos tres anos.

Ao igual que noutras rexións do mundo, hoxe en día asistimos a un crecente recoñecemento desde os gobernos de América e da Unión Europea de que a loita contra a corrupción non pode estar centrada só no papel dos servidores públicos, se non que require a corresponsabilidade entre todos os actores da sociedade. Neste sentido, a denuncia de actos de corrupción e a protección de denunciantes son dúas das ferramentas clave na promoción da rendición de contas gobernamental e privada.

Para que os cidadáns exerzan o seu dereito precísase un cambio cultural nas organizacións, e que os denunciantes sintan que a súa confidencialidade e protección fronte a posibles represalias e accións discriminatorias estea garantida.

Evidentemente España non é allea a esta problemática ética, social e económica. Tampouco, por suposto, Galicia. O noso país, por desgraza, ten sobrados e recentes exemplos de prácticas flagrantes de corrupción e fraude, con implicación tanto de axentes públicos como privados. Sería longo relacionar a serie de casos que estamos a contemplar todos os días nos medios de comunicación e nos xulgados. No último barómetro do CIS (outubro 2016), a corrupción e a fraude é, tras o paro, o segundo maior problema actual que existe en España.

Grupo Parlamentario

No dereito dos Estados Unidos e noutros países anglosaxóns advírtese desde hai unhas décadas a tendencia a fomentar a conduta daqueles suxeitos dispostos a revelar a comisión de actuacións ilícitas no seo da empresa para a que traballan ou, no caso de empregados públicos, da administración: os denominados “*whistleblowers*”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Esta figura xa existe en países que si teñen protección ao denunciante como Canadá, Estados Unidos, Bélxica, Francia (unha comisión do Senado francés empezou en xuño deste ano a estudar o proxecto de lei “Sapin 2”, que outorga protección legal aos denunciantes), Noruega, Romanía, Holanda o Reino Unido; e en Alemaña, Suíza e Eslovenia está a punto de se aprobar.

As diferentes organizacións independentes que están a promover con progresiva intensidade este mecanismo de loita contra a corrupción e a fraude son partidarias de crear normativas que proporcionen protección eficaz para quen filtre información de interese xeral, como xesto da súa conciencia cidadán e, a miúdo, asumindo riscos persoais. Esta lexislación debe de establecer un mecanismo de protección para todos os denunciantes, independentemente do tema ao que se refiran as súas revelacións.

A denuncia das prácticas corruptas é unha obriga cidadá, non obstante os custes persoais, sociais e laborais que poden asumir as persoas denunciantes fan que a dita actitude constituía un esforzo desmedido de valentía ligado a posibles represalias. Este feito desincentiva un dos controis primarios que a Administración debe incentivar, o dos propios empregados públicos ou privados que son coñecedores de prácticas reprochables.

Por iso, as organizacións promotoras consideran preciso que este novo marco normativo a impulsar recolla unha serie de garantías imprescindibles: liberdade de expresión, confidencialidade e protección da identidade, continuidade na súa carreira profesional e tranquilidade psicolóxica e persoal.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que articule os instrumentos e modificacións legislativas pertinentes que doten Galicia dun verdadeiro sistema integral de protección ao denunciante de prácticas corruptas, ilícitas e fraudulentas, tanto no eido público coma privado, coas necesarias garantías de confidencialidade, protección da identidade e da tranquilidade laboral e persoal.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 16/11/2016 18:37:28

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/11/2016 18:37:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/11/2016 18:37:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/11/2016 18:38:09

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.7 1272(10/PNP-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación coa tramitación da Proposición de
lei aprobada polo Parlamento de Galicia referida á
transferencia da titularidade e xestión da autoestrada AP-9 á
Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu portavoz suplente **Antón Sánchez García** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas de actuación a prol da transferencia de titularidade e xestión pública da autoestrada AP-9 e a execución da Proposición de lei aprobada no Parlamento de Galicia por unanimidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- Na pasada lexislatura o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición de lei para transferir á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade , as competencias sobre o réxime xurídico da concesión, así como, as funcións e servizos ate agora exercidos pola Administración do Estado en relación coa AP-9, Autoestrada do Atlántico. Dada a importancia que ten dita xestión para o desenvolvemento económico e social de Galicia e por estar servindo a intereses privados en detrimento do interese xeral.

1.- A actual xestión da AP9 non mellora a cohesión territorial do eixo atlántico e encarece a cada pouco un traxecto fundamental a nivel social e económico. Ademais, a AP-9 é unha infraestrutura completamente amortizada.

2.- A AP-9 é una autoestrada que transcorre integramente por territorio galego, que une 4 das cidades máis importantes de Galiza, que atravesala custa máis de



40 euros, que é decisiva para a economía de Galiza, das familias, das empresas, do transporte, pero que é secundaria para o global da economía do Estado, parece de sentido común que a Xunta de Galiza ten que asumir a xestión desta infraestrutura.

3.- A actual xestión pola concesionaria AUDASA responde a intereses alleos. Alleos a Galiza e alleos á maioría social. Non se pode xustificar a privatización dunha infraestrutura cuxa xestión non é en absoluto complicada e que está a xerar uns desorbitados beneficios á empresa concesionaria. Desde a súa privatización as peaxes encarecéronse nun 60%. Unha porcentaxe que duplica o IPC durante ese período.

4.- Unha situación de abuso de poder, de monopolio, que indigna aínda máis cando se comproba que eses beneficios non foron para mellorar a autoestrada. O maior investimento que fai Audasa é automatizar o cobro e despedir á xente, reducindo os gastos de explotación todos os anos polo despido de persoal.

SEGUNDO.- O Goberno do Estado trata de vetar o debate no parlamento estatal desta Proposición de lei aprobada por unanimidade no Parlamento galego, cun informe cheo de argumentos falsos, ademais de amosar agravios respecto a outros territorios do Estado.

1.-Os mesmos argumentos que se esgrimen no informe do Goberno non impediron que durante gobernos do PP e do PSOE se traspasasen autoestradas en Cataluña (RD 902/1995), a C-17 de Barcelona a Ripoll que remata nas inmediacións da fronteira francesa e era de interese xeral a A-19 entre Barcelona e Girona, e a Euskadi (RD 1837/1999) a A-8 de Bilbao a Behovia que remata xusto a 10 metros da fronteira con Francia e foi traspasada por Arias Salgado (PP).



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:15
Nº Rexistro: 1272
Data envío: 17/11/2016 12:15:40.622



2.-O mesmo Goberno que alude ao custe do rescate da AP-9 non ten reparos en rescatar as autoestradas radiais en Madrid, asumindo o Estado un custo moi superior ao valor real do rescate da AP-9. O Goberno do PP, seguindo a práctica realizada co sistema bancario, socializa as perdas e privatiza os beneficios, ou, o que é o mesmo, rescata autoestradas madrileñas en quebra, pero pretende manter a titularidade estatal e o negocio millonario da AP-9 galega.

3.-Constátase ademais das falsidades e os agravios comparativos con Galiza, a burla do PPdeG que aproba no Parlamento galego propostas que son freadas polo PP de Madrid. En Marea esixe a Feijóo que actúe na defensa dos intereses dos galegos e galegas nun tema tan crucial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno do Estado que non obstaculice a tramitación da Proposición de lei, respectando así a vontade democrática expresada polo Parlamento galego.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Portavoz s. e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 12:15
Nº Rexistro: 1272
Data envío: 17/11/2016 12:15:40.622

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 17/11/2016 12:08:55

Marcos Cal Ogando na data 17/11/2016 12:09:02

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

3.8 1397(10/PNP-000129)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 5 máis

Sobre a creación polo Goberno galego dunha tarxeta dirixida
especificamente aos peregrinos a Compostela que aglutine
diferentes servizos de interese para eles

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2016 12:18
Nº Rexistro: 1397
Data envío: 21/11/2016 12:18:12.450

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Cristina Romero Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Nava Castro Domínguez, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Neste altura do ano 2016 xa temos superado o número de peregrinos do último Ano Santo Compostelán de 2010, pois son xa máis de 275.000 os peregrinos de máis de 150 nacionalidades que teñen recibido a “Compostela”. A presenza dun número cada ano maior de peregrinos, especialmente internacionais, é unha excepcional oportunidade para os diversos sectores que prestan servizos aos nosos visitantes. Por outra banda, Galicia necesita incrementar a calidade e excelencia dos servizos turísticos para lograr unha oferta mais competitiva e rendible.

Un pulo importante para acadar este obxectivo é a creación e implantación dunha tarxeta do peregrino que aglutine os diferentes servizos aos que acceden, e mesmo aos que poden acceder, os peregrinos. Unha tarxeta que lles proporcione unha atención diferenciada e de maior calidade e que lles permita coñecer unha oferta que moitas veces pasa inadvertida.

Por outra banda esta tarxeta de fidelización para os peregrinos que acaden a meta do Camiño, redundaría nun incremento da súa estadía en Santiago de Compostela e sería unha ferramenta máis para a promoción de Galicia e os seus recursos e para combater a estacionalidade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación dunha tarxeta dirixida especificamente aos peregrinos a Compostela, que aglutine diferentes servizos de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2016 12:18
Nº Rexistro: 1397
Data envío: 21/11/2016 12:18:12.450

interese para os peregrinos e que inclúa, entre outros: entrada única nos museos, facilidades no transporte público, descontos en actividades culturais, de ocio e restauración, en comercios e tendas de produtos galegos e de Artesanía de Galicia e nos mercados de abastos”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2016 12:14:19

Cristina Isabel Romero Fernández na data 21/11/2016 12:14:30

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2016 12:14:36

María Nava Castro Domínguez na data 21/11/2016 12:14:44

Teresa Egerique Mosquera na data 21/11/2016 12:16:59

Marta Novoa Iglesias na data 21/11/2016 12:17:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/11/2016 12:17:16

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 791(10/INT-000013)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade
salarial efectiva entre homes e mulleres

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación** sobre a desigualdade salarial entre traballadoras e traballadores galegas.

Entre 2008 e 2014 (datos do INE) o salario medio subiu en Galiza un 5%: dos 19.156 euros aos 20.196.

Sen embargo, os salarios medios que perciben as persoas menores de 35 anos permanecen estancados en niveis previos á crise (16.169 euros en 2008, 16.312 en 2014).

Ademais da conxelación sufrida polas persoas entre 25 e 34 anos, **os traballadores e traballadoras entre 45 e 54 anos viron reducido o seu salario medio nun 0,6%, dende os 22.490 euros ata os 22.361**

O 85% das mulleres asalariadas galegas traballan no sector servizos, no que menos creceron os salarios nos últimos seis anos, situándose por detrás dos salarios medios do sector da construción e lonxe dos salarios do sector industrial.

Segundo o INE, a explicación de que, dándose unha perda salarial da clase traballadora, se produza a subida do salario medio débese a que os postos directivos, profesionais e técnicos viron incrementado o seu salario dende 2008 en 2.000 euros. Pola contra, persoal administrativo e auxiliar, operadores de maquinaria e traballadoras non cualificadas perderon salario ou mantéñense igual dende 2008.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 11:21
Nº Rexistro: 791
Data envío: 07/11/2016 11:21:24.825



Ademais, o salario medio anual dos traballadores galegos sitúase en 22.505 euros, case cinco mil euros por riba do das mulleres (17.797).

Polo exposto a deputada que subscribe, presenta a seguinte Interpelación:

Que vai facer o goberno para que nunha Negociación Colectiva de ámbito galego – no marco dunha convocatoria a patronal e sindicatos por medio do Consello Galego de Relacións Laborais - se acade a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2016 11:20:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 995(10/INT-000026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención
do consumo de bebidas alcohólicas por menores de idade

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2016 10:27
Nº Rexistro: 995
Data envío: 10/11/2016 10:27:48.756



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O consumo de alcohol por parte de mozos e mozas ten sido motivo de regulacións e intervencións diversas nos últimos anos, mais as realidades amosan que este non é un problema resolto. Os problemas asociados aos consumos elevados en curtos espazos, producidos especialmente en contornos urbanos, son de carácter grave, como veñen alertando os especialistas, tanto a nivel cardiovascular, hepático ou neurolóxico. As idades medias da xuventude que participa das actividades dirixidas ao consumo de alcohol (botellóns), ou que o consume de maneira asociada ao ocio, vén amosándose cada vez máis reducida. A idade media de inicio de consumo sitúase agora mesmo por debaixo dos 14 anos, o que constitúe un motivo de preocupación.

Fronte a este problema, a Xunta de Galicia promoveu a Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, que se formulou dous tipos de obxectivos: intervencións regulamentarias e accións educativas.

As cuestións regulamentarias teñen amosado unha eficacia mellorable. A prohibición da venda de alcohol a menores é aínda un obxectivo a conquistar en moitos casos, existindo neles un certo consentimento contextual sobre esta cuestión; o control sobre o consumo na vía pública, sendo difícil, non recibe toda a atención merecida polas administracións. Estes dous aspectos, como outros, amosan un déficit no cumprimento da lei e o seu seguimento.

Pola outra banda, a citada lei menciona como primeiro obxectivo: *definir as características que deberán ter as estratexias de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, de educación sanitaria e de concienciación, social e das familias, do grave problema xerado por estes consumos*. Dentro deste aspecto, deseñáronse liñas estratéxicas nos eidos escolar, familiar, comunitario e sanitario.

Recentes datos amosan que a realidade segue superando ás intencións expresadas na lei, e o problema do consumo de alcohol e menores de idade segue a ser claramente problemático, con casos graves que teñen que atender os servizos de emerxencias da nosa comunidade a través do 061, ou nas unidades de urxencias dos hospitais. Este propio servizo ofreceu datos de máis de 400 casos no que vai deste ano 2016. Sendo menores que os 800 rexistrados no ano anterior á lei, segue a ser un número moi relevante. A valedora do pobo interveu nas últimas datas sobre esta problemática, chamando ás administracións a implicarse na resolución deste problema.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que os datos recentemente coñecidos amosan unha situación preocupante sobre o consumo de bebidas alcohólicas en Galicia por parte de mozos e mozas?
2. Que grao de cumprimento da Lei 11/2010 considera a Xunta de Galicia que se ten alcanzado?
3. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que se está a facer unha boa labor na execución da lei? Estase facendo un seguimento desta execución?
4. Están sendo levadas a cabo accións concretas por parte da Xunta de Galicia no eido das accións educativas que teñan amosado un bo resultado? Cales?
5. Cree o Goberno galego que están postos a disposición os recursos necesarios para o desenvolvemento das accións educativas e a vixilancia para as intervencións regulamentarias que implica a lei?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2016

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2016 10:27
Nº Rexistro: 995
Data envío: 10/11/2016 10:27:48.756



 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 10/11/2016 10:25:26

Noela Blanco Rodríguez na data 10/11/2016 10:25:32

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 1315(10/INT-000045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Un desgraciado suceso que vén de acontecer en Cataluña ten situado ao país de novo diante da dura realidade da pobreza enerxética. A desigual e débil saída da crise, ten efectos na maior parte das condicións de vida de grupos importantes da cidadanía, sexa a alimentación, a vivenda, o transporte ou a enerxía.

No caso da enerxía os comportamentos dos prezos son especialmente preocupantes, sobre todo nun contexto de estancamento do IPC. Así o recibo da luz encadea xa seis meses á alza e todas as análises apunta a novas subidas. No ano 2017, continúa a subir a enerxía, tirando á alza do IPC. Ademais o Tribunal Supremo anulou o réxime de financiamento do bono social da luz e obriga ao Goberno a asumir o desconto ás familias con menor renda.

A pobreza enerxética é unha consecuencia máis da grave crise social e económica que estamos a padecer. Defínese como aquela situación que sofren os fogares cuxos membros son incapaces de pagar unha cantidade de servizos da enerxía suficientes para a satisfacción das súas necesidades domésticas e/ou vén obrigados a destinar unha parte excesiva dos seus ingresos ao pago da factura enerxética das súas vivendas.

Segundo diferentes estudos socio - económicos son en torno as 300.000 persoas en Galicia as que teñen graves dificultades para facer fronte ao recibo da luz ao final de mes, máis do 10 % da poboación, debendo dar prioridade ou elixir entre que cuestións básicas de subsistencia, moi unidas ao desenvolvemento dunha vida digna, poden permitirse e cales non.

A este dato hai que engadir o que facilita o INE e o IGE nas enquisas de condicións de vida que sinalan que en torno aos 100.000 fogares en Galicia non poden manter a súa casa a unha temperatura adecuada, cos riscos que

iso comporta especialmente para as persoas con factores de risco máis alto, como nenos e nenas, anciáns e anciás ou doentes.

Así mentres a Unión Europea ten instado aos diversos Estados membros a adoptar medidas para protexer ás persoas consumidoras máis vulnerables e a loitar contra a pobreza enerxética, en Galicia tense actuado, na nosa opinión, tarde, pouco e mal.

As normas europeas foron elaboradas cun dobre obxectivo: primeiro, garantir unha subministración de gas e electricidade imprescindible para garantir unha vida digna asociada á vivenda habitual, a un custo alcanzable para o consumidor vulnerable; e segundo, prohibir a desconexión en períodos críticos.

Mentres distintos países teñen aprobado normas que protexen aos consumidores e consumidoras máis vulnerables, prohibindo durante o inverno interromper a subministración que lles poida deixar sen calefacción, a lexislación española do último Goberno do Sr. Rajoy limitouse a desenvolvementos absolutamente insuficientes.

Cremos imprescindible ser sensibles á situación que moitos dos nosos veciños e veciñas padecen, e por tanto, estimamos a oportunidade de que a Xunta de Galicia utilice todos os resortes que ten ao seu alcance, e ademais inste ao Goberno de España a aprobar unha lei para solucionar os problemas máis urxentes e prexudiciais de pobreza enerxética, e que marque a orientación prioritaria das administracións á hora de afrontar as principais causas polas que esa pobreza enerxética se produce.

Ante todo cremos que o Goberno galego debe recoñecer que se trata dunha medida de política social, co propósito de garantir os principios de progresividade, solidariedade e cohesión respecto dos consumidores máis vulnerables, e por iso entendemos que o custo desta iniciativa débese sufragar polo conxunto do sistema. Agora, antes do comezo dun novo inverno, a situación e si cabe, máis urxente.

Xa en 2009 a UE aprobou dúas directivas que instaban aos gobernos a aprobar plans contra a pobreza enerxética; dos 28 países membros, só 17 teñen lexislado ao respecto. España non só non o ten feito, senón que ten

tratado de impedir que outras administracións o fagan, por exemplo recorrendo un decreto da Generalitat de Catalunya sobre a materia.

Por todo o exposto, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. É consciente o Goberno galego das dificultades económicas que están pasando milleiros de galegos e galegas nesta recuperación económica débil e desigual?
2. Considera o Goberno galego que a chamada pobreza enerxética é un problema basicamente de carácter social?
3. Considera o Goberno galego que as medidas que ten tomado para combater este problema son suficientes?
4. Considera o Goberno galego que as liñas de actuación do Goberno de España neste eido, obstaculizan ou axudan as comunidades autónomas a abordar o problema?

Pazo do Parlamento, 18 de novembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/11/2016 10:56:19

Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/11/2016 10:56:24

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 1979(10/POPX-000004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre os resultados que o Goberno galego pretende obter para Galicia na revisión do modelo de financiamento autonómico



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2016 09:56
Nº Rexistro: 1979
Data envío: 05/12/2016 09:56:38.335



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que resultados pretende obter para Galicia na revisión do modelo financiamento autonómico?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2016

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/12/2016 09:52:29

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 2104(10/POPX-000005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os acordos de país anunciados polo Sr. presidente da
Xunta de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2016 16:57
Nº Rexistro: 2104
Data envío: 05/12/2016 16:57:19.439

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

“Despois de fiascos como Pemex, o eólico, ou a súa renuncia á transferencia da AP-9..., considera que temos razóns para confiar na súa palabra cando fala de acordos de país?”

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2016 16:55:35

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 2119(10/POPX-000006)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a decisión de Pemex de abandonar o proxecto anunciado
no porto exterior da Coruña

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Que explicación pode dar á decisión de PEMEX de abandonar o proxecto no Porto Exterior?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/12/2016 17:31:07

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 1061(10/POP-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos convenios
asinados por Augas de Galicia cos concellos no segundo
cuadrimestre de 2016

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O DOG núm. 209 do 3 de novembro de 2016 publica os convenios de colaboración subscritos pola entidade pública Augas de Galiza con concellos galegos. Segundo estes datos, asináronse 66 convenios entre o 13.6 e o 31.8.16. Resulta chamativo que destes 66 convenios, 57 foron asinados con concellos gobernados polo PP. Entre estes cabe salientar os asinados coa Laracha (2.000.000), Boqueixón (1.000.000), Cotobade 1.850.000), Arteixo (1.000.000) ou Foz (8.000.000).

Da información publicada dedúcese que Augas de Galiza actúa dunha maneira escurantista, partidista e arbitraria na distribución dos seus fondos, favorecendo a concellos gobernados polo PP e discriminando concellos doutros signos políticos.

Chama ademais a atención o feito de que estes convenios se asinaran en datas próximas a convocatorias eleitorais xerais e autonómicas.

Polo anteriormente exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 10:23
Nº Rexistro: 1061
Data envío: 14/11/2016 10:23:53.200

Como valora a Xunta de Galiza os convenios asinados polo ente Augas de Galiza e concellos galegos no segundo cuadrimestre de 2016 e o feito de que a maioría deles se subscribisen con concellos gobernados polo Partido Popular?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2016 10:20:00

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2016 10:20:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2016 10:20:11

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2016 10:20:17



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 10:23
Nº Rexistro: 1061

Data envío: 14/11/2016 10:23:53.200

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2016 10:20:25

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2016 10:20:30

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 1150(10/POP-000101)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento no proxecto denominado Centro de Xestión Ambiental de Lousame das normativas europea, estatal e autonómica vixentes no referido á xerarquía do tratamento de residuos

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de En Mare, ao abeiro do disposto no artigo 155 Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O proxecto do Centro de Xestión Ambiental de Lousame, que se presenta sobre unha superficie aproximada dunhas 20 hectáreas de chan rústico de protección forestal é un subterfuxio. Estamos perante un novo macro-vertedoiro que non aporta nada novo ao insostible modelo Sogama. Das preto de 100.000 toneladas de residuos que recibiría anualmente, un 80% rematarán no vertedoiro (Máis de $\frac{3}{4}$ partes por tanto). Serán, en 10 anos, 770.000 toneladas de residuos tóxicos e non tóxicos, soterradas nos montes e no chan de Lousame, mentres que só un 22,5% dos refugалlos poderán ser recuperados para outros usos, como a propia Consellaría de Medio Ambiente sinala. Nin tan sequera fica claro que os custes de transacción da suposta “valorización” sexan rendibles tendo en conta o custes enerxéticos de transformación e transporte dos mesmos. Polo tanto, a “xestión” da que se gaba a suposta planta, traducirase maioritariamente na acumulación de residuos, o cal contradí a lexislación europea que, con horizonte 2020, insiste na redución desta actividade e na aposta pola reciclaxe.

Só preto dun 10% dos residuos acollidos serán transformados en combustíbel para os fornos das cementeiras, ou cando cadre, para unha nova incineradora como prevé o Plano de Residuos 2010-2020.

Non deixa de ser irónico a proximidade coa planta de Compostaxe do Barbanza e da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza que, acadando as mellores cifras de reciclaxe entre os diferentes sistemas de tratamento de RSUs de Galiza e



sendo pioneiros en recollida de envases no estado español, amósanos que outro tipo de apostas e políticas de xestión de residuos son posibles.

Este modelo, que contradí de xeito redundante as normativas comunitarias e galegas fai parte da nefasta xestión do goberno da Xunta cara o rural galego.

En lugar de avanzar cara políticas sustentables de redución en orixe, reutilización e reciclaxe para rebaixar a incineración e vertedura directa, foméntase unha metodoloxía de políticas publicas tóxica, unha vía rápida de fuxida cara adiante derivada do modelo imposto polo PP fai dúas décadas. Sen visión a medio e longo prazo, con baixo custe e grandes marxes de beneficio para as empresas, a costa de danos medioambientais e de molestias ao cidadán. O sistema Sogama está desbordado e de nada serve desglosalo en pequenos e medianos vertedoiros disfrazados por todo o país que non mudan en nada un modelo fracasado.

O proxecto deste macrovertedoiro suporía tamén riscos de contaminación dos aquíferos e sería perxudicial para as explotacións gandeiras e vivendas da contorna.

Por todo o dito o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera que o proxecto do “Centro de Xestión Ambiental de Lousame”, promovido pola empresa Gestora de Residuos del Noroeste SL., adáptase aos principios da normativa europea, estatal e autonómica de residuos en canto ao cumprimento da xerarquía do tratamento dos residuos?

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García



Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 18:19
Nº Rexistro: 1150
Data envío: 14/11/2016 18:19:09.642

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/11/2016 18:07:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 1484(10/POP-000161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do estado
medioambiental da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2016 12:55
Nº Rexistro: 1484
Data envío: 22/11/2016 12:55:31.051



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En febreiro de 2013, varios eurodeputados do Parlamento Europeo viñan a Galicia para controlar a depuración das rías galegas e concluían que as zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas.

A ría de Pontevedra está contaminada e con toxinas que fan que estea pechada grande parte do ano. Na ría de Arousa, a produción ten caído en picado, o berberecho morre dende hai mais de 2 anos por un parásito foráneo que está a afectar tamén á ameixa e a marea roxa e a toxina teñen estrangulado aos produtores de mexillón. Na ría de O Burgo, os lodos chegan a uns 2 metros de profundidade e moitas veces se pecha a ría ao marisqueo. Na ría de Noia e Ribeira, non se coñece se o emisario de Touro para o saneamento das augas residuais urbanas se fixo de acordo ao proxecto e, dende 2007, hai fugas e vertidos de augas residuais, sen nengún tipo de explicación por parte do Concello de Ribeira, de Augas de Galicia ou da Consellería de Medio Ambiente (e así consta na denuncia da Fiscalía Provincial de A Coruña, de marzo de 2012).

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o TJUE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas de Galicia, porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. E non sucedía por primeira vez, xa pasara en abril de 2011 e en outubro de 2013. Nestes últimos días, a Comisión Europea ten pedido ao Tribunal de Xustiza da UE unha sanción económica a España pola falta de tratamento de residuos líquidos en Santiago, Vigo e Ribeira.

 **Grupo Parlamentario**

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que ten que dicir o Goberno do estado medioambiental da ría de Arousa?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/11/2016 11:43:04

Raúl Fernández Fernández na data 22/11/2016 11:43:10

María Luisa Pierres López na data 22/11/2016 11:43:15

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.4 736(10/POP-000117)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do
funcionamento da implantación da Tarxeta Xente Nova desde a
súa activación

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:29
Nº Rexistro: 736
Data envío: 04/11/2016 17:29:48.211

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Nóvoa Iglesias, Alvaro Pérez López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da Urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de coñecer o grado de implantación da Tarxeta Xente Nova, posta en marcha pola Xunta no mes de agosto, coa que os menores de 19 anos se benefician da gratuidade no transporte metropolitano.

Nas dúas últimas lexislaturas o Goberno galego centrou boa parte dos seus esforzos en impulsar o transporte público e en mellorar a mobilidade dos galegos, a través da posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano nas principais grandes áreas de Galicia, unha iniciativa que está a propiciar que os desprazamentos habituais dos cidadáns –cara ao traballo, cara aos lugares de estudo ou, por exemplo, para acudir a unha cita médica- sexan máis sinxelos e tamén menos custosos.

Trátase dun plan de fomento do transporte público e tamén dun plan social, xa que permite importantes aforros ás familias, unha media de 600 euros anuais no caso dos usuarios frecuentes.

Desde que se puxo en marcha este plan non parou de medrar e de incorporar novas medidas para ampliar as súas vantaxes e beneficios.

A máis recente, en agosto deste mesmo ano, cando o Goberno galego activou a Tarxeta Xente Nova, que lle permite aos nenos e mozos de menos de 19 anos facer os seus desprazamentos en transporte metropolitano interurbano gratis, dentro das áreas metropolitanas actualmente establecidas.

Esta medida axuda á economía das familias con fillos e contribúe a promover o uso e a accesibilidade do transporte público e a unha maior concienciación social na utilización de modos de transporte máis ecolóxicos e respectuosos co medio; sendo o factor educativo un obxectivo esencial deste plan: para que os nenos medren sendo conscientes das vantaxes que supón empregar o transporte público fronte ao vehículo particular.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2016 17:29
Nº Rexistro: 736
Data envío: 04/11/2016 17:29:48.211

Por todo o exposto, e tendo en conta a importancia desta iniciativa, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o funcionamento da implantación da Tarxeta Xente Nova desde que a activou no pasado mes de agosto?

Santiago de Compostela a 4 de novembro 2016

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 04/11/2016 17:17:33

Jaime Castiñeira Broz na data 04/11/2016 17:17:42

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2016 17:17:48

Álvaro Pérez López na data 04/11/2016 17:17:56

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna na data 04/11/2016 17:18:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.5 1320(10/POP-000146)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos
publicados polo Instituto Nacional de Estatística en relación
coa pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Juan José Merlo Lorenzo, Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas e Marcos Cal Ogando deputados e deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta, para a súa reposta oral en Pleno, relativa á pobreza enerxética.

Un dos múltiples xeitos nos que se manifesta a pobreza é coa pobreza enerxética, concepto que expresa a dificultade das persoas para poder pagar a factura da electricidade.

Depende de varios factores, entre os que se atopan os ingresos familiares e o prezo da electricidade.

O incremento das familias sen ingresos ou con baixos ingresos, a inestabilidade e precariedade laboral e o incremento nos últimos anos do prezo da electricidade, fixo que se incrementase espectacularmente o número de persoas que sofren pobreza enerxética.

En Galiza a situación é especialmente sangrante, xa que, co 15,4 % dos fogares en situación de pobreza enerxética, é a segunda comunidade autónoma con maior porcentaxe. E todo elo nun país fortemente excedentario en enerxía eléctrica.



Por exemplo, no 2015, Galiza produciu 29625 GW/h e só consumiu 19.615 GW/h, o que significa que exportou o 33,78% da enerxía producida, cando nese ano o 15,4% dos fogares galegos sufría pobreza enerxética.

A evolución é moi preocupante xa que de 2012 a 2015 o número de fogares con estas dificultades multiplicouse por 2,33, é dicir, subiu un 133%.

As medidas iniciadas dende a Xunta de Galiza sobre pobreza enerxética demóstranse sen a entidade suficiente para afrontar con garantías a cobertura enerxética total da poboación galega. O ticket social eléctrico da Xunta de Galiza proporciona só axudas dun máximo de 180 euros anuais por unidade familiar e 300 euros se é familia numerosa. Cantidades que non son suficientes para evitar os problemas de ditas familias. Ademais, esíxense uns requisitos tan restritivos que limitan moito o número de fogares que pode acceder a esta axuda.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Como valora os datos sobre pobreza enerxética publicados recentemente polo INE?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 18/11/2016 11:21:43

Luis Villares Naveira na data 18/11/2016 11:21:51

Francisco Casal Vidal na data 18/11/2016 11:21:59

Juan José Merlo Lorenzo na data 18/11/2016 11:22:11

Paula Quinteiro Araújo na data 18/11/2016 11:22:29

Paula Vázquez Verao na data 18/11/2016 11:23:20

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 18/11/2016 11:23:26

Carmen Santos Queiruga na data 18/11/2016 11:23:30

Eva Solla Fernández na data 18/11/2016 11:23:34

Luca Chao Pérez na data 18/11/2016 11:23:39

Magdalena Barahona Martín na data 18/11/2016 11:23:44

José Manuel Lago Peñas na data 18/11/2016 11:23:50

David Rodríguez Estévez na data 18/11/2016 11:23:55

Marcos Cal Ogando na data 18/11/2016 11:23:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.6 2090(10/PUP-000035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación co incumprimento pola empresa Pemex dos seus compromisos de construción naval nos estaleiros de Barreras, así como as posibles consecuencias para o sector naval galego



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2016 13:19
Nº Rexistro: 2090
Data envío: 05/12/2016 13:19:47.106

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**, relativa á necesidade de explicación e valoración por parte do Goberno galego dos incumprimentos dos anuncios de construción naval por parte da petroleira mexicana Pemex en Barreras, así como as medidas para o futuro do sector.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentari a valoración por parte do Goberno diante dun novo incumprimento por parte de Pemex coñecido pola prensa durante a última semana de novembro.

Novamente, a suposta recuperación do sector naval que tiña anunciado o Goberno da Xunta vinculada a Pemex volve estar no punto de mira ao evidenciarse o resultado das promesas incumpridas do goberno e as dúbidas canto a futuras cargas de traballo. Cómpre lembrar que a relación do naval galego coa mexicana Pemex se remonta inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e que acabou por confirmarse só varios meses despois e despois de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2016 13:19
Nº Rexistro: 2090
Data envío: 05/12/2016 13:19:47.106

definitivo e seguro. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao aprazamento da tamén prometida dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a de buques para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.

Así mesmo, é tamén salientábel a diferenza entre os postos de traballo prometidos, chegando a asegurar 3.000 postos de traballo para 30 meses entre Navantia e Barreas que finalmente ficaron en arredor de 600 empregos en Vigo que se suman a unhas 500 persoas empregadas no caso de Ferrol. En suma, isto tradúcese nun desfase de arredor de 2.000 empregos menos dos reiteradamente anunciados por Feijóo.

Doutra banda, para alén das promesas sen cumprir, a empresa Pemex recoñecía publicamente en maio de 2013 nos medios de comunicación que o seu obxectivo era transferir o coñecemento tecnolóxico de Barreras a México. Isto, xunto coa posibilidade de traspaso do sector a mans chinas, da que xa ten habido propostas, auguran un futuro máis ben incerto para un sector industrial que, a xuízo das e dos nacionalistas, podería e debería ser estratéxico para o país.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2016 13:19
Nº Rexistro: 2090
Data envío: 05/12/2016 13:19:47.106

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral ante o Pleno**, polo **trámite de urxencia**:

Que valoración fai o Goberno galego do incumprimento das promesas anunciadas por parte deste xunto coa empresa en crise económica Pemex canto a carga de traballo así como das consecuencias que poden ter para o naval galego?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2016 11:47:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.7 2118(10/PUP-000036)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Lago Peñas, José Manuel

Sobre a deterioración existente en Galicia na distribución do
emprego por idades

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Jose Manuel Lago Peñas, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa aos datos de perda de persoas empregadas segundo os segmentos de idade.

Xustificación da Urxencia.

O dramatismo das cifras de desemprego, demostran a necesidade de estudar e actuar sobre o que é de feito un dos meirandes problemas do país, tanto os datos de paro rexistrados coñecidos no día de hoxe, como a publicación recente das estatísticas oficiais de poboación ocupada por segmentos de idade amosan ademais que no mercado de traballo teñen cada vez menos peso as persoas menores de 35 anos.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte **Pregunta oral urxente en Pleno**:

É consciente o Goberno galego do deterioro na distribución do emprego por idades do país

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2016.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/12/2016 18:11:19

José Manuel Lago Peñas na data 05/12/2016 18:11:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2016 18:13
Nº Rexistro: 2118
Data envío: 05/12/2016 18:13:15.687



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.8 1250(10/PUP-000034)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa xestión
que está a levar a cabo a Xerencia do Complexo Hospitalario
Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, 19, 24.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1250
Data envío: 16/11/2016 18:37:00.211



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada polas graves consecuencias que esta situación pode ter tanto para a saúde das persoas pacientes, como para as persoas profesionais en materia de prevención de riscos laborais.

O Servizo de Urxencias Complexo Hospitalario de Ourense consta dunha sección de 19 Boxes para a atención de urxencias, unha sala de Observación cunha estancia media non superior a 48 horas con capacidade para 18 camas; outra de Diagnóstico e tratamento (DT) con capacidade para 26 padiolas. Dispón, ademais, dunhas salas que non se utilizan habitualmente e non están dotadas de persoal e que non están nas dependencias de urxencias, coa sala de Tránsito con 14-16 camas e outra Unidade de Preingreso (UPI) con 24 ocos igualmente sen dotación de persoal e afastado de Urxencias.

Dende días previos ao 14 de novembro de 2016 o servizo está saturado, excedéndose a ocupación para a cal está dotado, sendo boa proba diso a situación vivida a día 14 de novembro, onde a maiores destas dependencias, abríronse a sala de tránsito con 14 pacientes ingresados, e a unidade de preingreso con 24 pacientes ingresados, ambas non dispoñen de mobiliario, dependencias de aseo e hixiene, nin infraestrutura para as persoas pacientes hospitalizadas.

O número de urxencias que están a acudir ao servizo está dentro das estatísticas normais, aínda que a atención vese demorada pola ocupación das dependencias destinadas para a atención urxente e a espera de Diagnóstico e tratamento, sendo estas ocupadas con persoas pacientes ingresadas.

Dentro das dependencias do Complexo Hospitalario existen dúas unidades de hospitalización (no hospital Santa M.^a Nai) con 60 camas que se atopan pechadas e que a Xerencia se negaba a abrir ata este momento. Así mesmo existe unha planta de hospitalización no Hospital de Piñor, para caso de sobreaforos, que despois do peche de máis de 70 camas e desprazamento dos e das pacientes que houbo no seu momento e a pesar desas garantías de posible utilización, nunca máis se abriron a pesar de necesitalo nalgún momento.

Excedeuse amplamente a capacidade física, técnica e humana de asistencia que ten o servizo, e que aínda hoxe non se corrixiu pois segue habendo pacientes hacinados en salas de espera aos que se ten que atender con evidente atraso.

As consecuencias deste colapso son moi graves para os e as pacientes: excesiva tardanza na atención co consecuente risco de agravamento do seu estado; hacinamiento, que xera o incremento do risco de contraer infeccións; falta da mínima intimidade á que teñen dereito, atentándose á súa dignidade; imposibilidade de facilitarlles o acompañamento dos seus familiares, etc., e para as propias persoas especializadas: sobrecarga física, ansiedade e tensión ao verse excedidos, incapaces de resolver a situación, inseguridade polo temor para cometer erros, maior risco de contraer enfermidades, etc.

A deplorable situación descrita non é un acontecemento extraordinario, inevitable e impredecible para os xestores, froito dunha epidemia ou doutro tipo de crise sanitaria. Trátase máis ben de todo o contrario pois puntualmente poden entenderse como picos de maior número de persoas pacientes ao comezo de cada ano que se dispara o índice de asistencia aos centros por gripe, infeccións, agravamento de doenzas crónicas, etc., colapsando os dispositivos. Baste acudir á hemeroteca para obter proba diso. Pero nesta ocasión, reiteramos, trátase dunhas estatísticas de afluencia dentro da media, polo que nos parece máis grave.

Entendemos que o cociente de persoal sanitario das dependencias de urxencias é moito menor do que recomendan.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Lonxe diso, a Xerencia optou pola inacción, falta de estratexia de xestión, dirección e organización, limitándose a contratar persoal sanitario en número claramente insuficiente, mobilizar ao persoal das súas unidades aos que están adscritos como mencionabamos antes, cando se viu obrigado pola repercusión nos medios de comunicación do colapso do servizo.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da xestión que está levando a cabo a actual Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU)?

Pazo do Parlamento, 16 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 16/11/2016 18:36:03

Raúl Fernández Fernández na data 16/11/2016 18:36:10

Julio Torrado Quintela na data 16/11/2016 18:36:16

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 13.12.2016 Hora: 10:00
Orde do día

6.9 1371(10/POP-000150)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posible
incidencia do "Brexit "no sector pesqueiro galego

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2016 11:26
Nº Rexistro: 1371
Data envío: 21/11/2016 11:26:19.609

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Guadalupe Murillo Solis, Aurelio Núñez Centeno e Marta Rodríguez Arias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 23 de xuño de 2016 os cidadáns do Reino Unido votaron en referendo a favor de abandonar a Unión Europea de tal xeito que, previsiblemente, porase en marcha o mecanismo previsto no artigo 50 do Tratado de Lisboa, que fixa dous anos para negociar as condicións de saída dun dos Estados membros.

Nunca antes tíñase producido un abandono desta unión política e económica de 28 países que, desde os seus inicios, non fixo máis que expandirse, coa excepción do acontecido con Groelandia, un territorio de 56.000 persoas, que deixou de formar parte da Comunidade Económica Europea, antecesora da UE en 1985.

Entre as múltiples consecuencias deste paso están os efectos que unha decisión destas características pode ter no sector pesqueiro europeo e, en particular no galego, a flota de Gran Sol aínda que maioritariamente faena en augas irlandesas ou internacionais, tamén o fai na zona territorial do Reino Unido.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da incidencia que o *brexit* pode ter no sector pesqueiro galego?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 21/11/2016 11:16:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2016 11:26
Nº Rexistro: 1371
Data envío: 21/11/2016 11:26:19.609

María Guadalupe Murillo Solís na data 21/11/2016 11:17:06

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/11/2016 11:17:13

Marta Rodríguez Arias na data 21/11/2016 11:17:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com